

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/09
CARACTER: EXTRAORDINARIA E URXENTE
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 24 de setembro de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dezoito horas e trinta minutos do día **24 de setembro de 2008** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO E URXENTE, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D. Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas
D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Concelleiros ausentes:

Dona Mari Luz Alvarez Lastra
(xustifica a ausencia)

Secretario:

D. Manuel Díaz Sánchez.

Interventor acctal:

Don José Vazquez Cupeiro.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

2008/01/69.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESION QUE BEN DADA POLA NECESIDADE DE ADOPCION DO ACORDO PLENARIO PARA A EXECUCION DA 7ª FASE DA ARI A SÚA REMISION ANTES DO 29 DE SETEMBRO DO 2.008 A CONSELLERÍA DE VIVIENDA E SOLO.-

Dase conta pola Alcaldía da necesidade de adopción dun acordo urxente sobre a materia, a tenor da necesidade de que antes do próximo luns día vintanove obre o acordo en poder da Consellería. Polo Pleno municipal, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e os efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

2008/02/70.-ACORDO PLENARIO PARA A EXECUCION DA 7ª FASE DO CONVENIO DA ARI DO CASCO HISTORICO DE RIBADEO.-

Obra no expediente comunicación da Consellería de Vivenda e Solo relativa a proposición de actuacións dentro dos obxectivos convidos co Ministerio da Vivenda para 2008 e sinalando que si o Concello decide participar nas actuacións encadradas nes obxectivos deberá remitir antes do 29 de setembro a memoria-programa e o acordo do órgano de goberno referido ó contido da mesma.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ao asunto epigrafiado que se transcribe de seguido:” Pola Alcaldía-Presidencia, á vista do escrito recibido con data 16 de setembro de 2007 da Consellería de Vivenda e Solo, e da documentación elaborada pola oficina Técnica da ARI de Ribadeo, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

- 1º.-A aprobación da Memoria-Programa e Presuposto de referencia elaborado pola Oficina de Rehabilitación do Concello.
- 2º.-A aprobación das aportacións do Concello para o financiamento das actuacións sinaladas polo importe da referida Memoria-Programa da fase 7ª do Plan.
- 3º.- A adopción do compromiso de consignación presupostaria para a aportación correspondente ó Concello.
- 4º. Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a realización e financiamento das actuacións .
- 5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase deliberación, tras da lectura pola Alcaldía da proposta ,e facéndose referencia ó escrito da Consellería, procedéndose tamén polo sr.Alcalde a explicar convenios anteriores e os tipos de intervención que se preveen na memoria programa, sinalando que se trata de vinte intervencións , e que o importe previsto ascende a 400.000 euros de presuposto protexible de vivendas e de urbanización-reurbanización a 120.000 euros, explicando as aportacións das diferentes administracións.

Asimesmo explicase polo Sr.Alcalde que as actuacións públicas se farán no ano 2011 xa por outra Corporación , xa que será despois do verán.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se pregunta respecto á data de entrada do escrito da Consellería, respostandoselle que foi do día 16, e pregunta se e froito dunha convocatoria de subvencións da Xunta.Por parte do Sr.Alcalde se resposta que non é unha orde de concorrencia competitiva senon que é a Xunta que lles convoca para unha nova fase da ARI.

De seguido, polo Pleno Municipal por unanimidade dos membros presentes na sesión á vista do escrito recibido con data 16 de setembro de 2007 da Consellería de Vivenda e Solo, e da documentación elaborada pola oficina Técnica da ARI de Ribadeo, acorda a adopción dos acordos seguintes:

1º.-A aprobación da Memoria-Programa e Presuposto de referencia elaborado pola Oficina de Rehabilitación do Concello.

2º.-A aprobación das aportacións do Concello para o financiamento das actuacións sinaladas polo importe da referida Memoria-Programa da fase 7ª do Plan.

3º.- A adopción do compromiso de consignación presupostaria para a aportación correspondente ó Concello.

4º. Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a realización e financiamento das actuacións.

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezoito horas e cuarenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente se levanta a sesión, extendéndose a presente acta, do que, como Secretario certifico.